



CIRCULAR INFORMATIVA 11/2020

RENOVACIÓN DA PÓLIZA DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

Anualidade do 01.07.2020 a 30.06.2021

O vindeiro 30.06.2020 ás 24 h vence a póliza do seguro de responsabilidade civil que este Colexio de Avogados como tomador ten contratado coa aseguradora Allianz a través da corretoría Aon para asegurar a responsabilidade civil dos nosos colexiados.

Durante os dous últimos meses mantivéronse negociacións con distintas aseguradoras e, tras estudar as ofertas presentadas, resultou máis vantaxosa en canto a coberturas e primas a de Allianz, polo que a Xunta de Goberno na sesión do pasado 3 de xuño acordou a renovación da dita póliza con esta aseguradora por mediación de Aon e coas seguintes condicións:

Aseguradora: Allianz

Corretoría: Aon

Límite asegurado: 450.000 €

Prima anual por colexiado/a: 315,25 € anuais (coa achega do Colexio o colexiado asegurado pagarán sobre 161 € anuais aprox.)

En relación coa anualidade anterior prodúcese un incremento da prima dun 12 %, que será asumido polo colexio a través da achega que fai anualmente a esta póliza.


Para esta anualidade a achega do colexio, segundo o acordo da Xunta de Goberno do 15.04.2020 e que se inclúe dentro das medidas económicas adoptadas ante a crise da Covid-19, é de 100.000 euros.

Esta achega será dividida entre todos os colexiados e colexiadas aseguradas, polo que no caso de se manter o mesmo número de asegurados (650), a cada un corresponderíalle un importe de 154 euros anuais aproximadamente. Con esta previsión, a contribución do Colexio acadaría o 50 % da prima total.

A prima será cobrada en dous prazos, un no mes de setembro de 2020 e outro no a finais de xaneiro de 2021. Co desconto da achega aplicada polo Colexio, **a prima semestral sería duns 80 euros** aproximadamente, o que suporía un considerable aforro para cada colexiado asegurado en comparación coa anualidade anterior (120 € por semestre).

Franquía. Establécese unha franquía gradual:

- 500 € os dous primeiros sinistros/anualidade
- 1.500 € terceiro sinistro e seguintes



http://abgcia.es/csv Fecha: 05/06/2020 10:54:16

Código Seguro de Verificación: REGTEL-PLDI2-DL6HQ-UZBZC-3KAPC

Página: 1 de 3

ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO





CIRCULAR INFORMATIVA 11/2020

Baixas: deben ser solicitadas antes do 22.06.2020

Os Colexiados que figuran de alta na dita póliza da anualidade anterior e non teñan interese na súa renovación **deberán solicitar a súa baixa expresamente por escrito** e remitila á secretaría deste Colexio **antes do 22 de xuño ás 14.00 h.** O escrito da baixa deberá asinarse electronicamente e poderá remitirse aos seguintes correos electrónicos: contabilidade@icasantiago.org.

Os Colexiados que durante a última anualidade causaron baixa no Colexio e aínda figuran de alta nesta póliza serán dados de baixa automaticamente o día 30.06.2020.

No caso dos Colexiados exercentes asegurados que durante a última anualidade **pasaron á situación de Colexiados non exercentes**, seguirán dados de alta na póliza se non solicitan a súa baixa expresa antes do 22.06.2020.

Solicitudes de alta (só novas altas)

Os Colexiados **que aínda non figuran de alta** (novas altas) dispoñen tamén dun prazo **ata o 22 de xuño ás 14.00 h** para solicitar por escrito a súa incorporación á dita póliza, que terá efectos a partir do 01.07.2020.

Os Colexiados **que xa figuran dados de alta** na póliza anterior pasarán **automaticamente** á nova, **salvo que comuniquen a súa baixa por escrito antes do 22 de xuño ás 14.00 h.**

Obrigatoriedade

Lembrámosvos que esta póliza do seguro de responsabilidade civil (ou outra similar contratada de forma particular) só é obrigatoria para os letrados que figuran de alta no servizo de asistencia a persoas detidas, na quenda de oficio e nos servizos de mediación deste Colexio.


Subvención do Colexio

A póliza estará subvencionada cun importe de 100.000 euros anuais, que serán repartidos entre todos os Colexiados asegurados (o Colexio asumirá deste xeito ao redor do 50 % do custo da prima).

Ampliacións ou segundas capas

Os Colexiados asegurados que teñan contratadas de forma particular ampliacións de cobertura ou segundas capas serán contactados polo mediador Aon para negociar a renovación das ditas ampliacións.

Para resolver calquera dúbida ou ampliar a información, poderase contactar coa secretaría técnica do Colexio (Manuel Arza) no teléfono 981581713.






CIRCULAR INFORMATIVA 11/2020

PUBLICACIÓN DA MEMORIA ANUAL 2019 DO ICA SANTIAGO

De acordo co establecido na Lei 25/2009, do 22 de decembro, que modifica a Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais e a Lei 11/2001 de colexios profesionais de Galicia, publicouse na páxina web a Memoria anual deste Colexio correspondente ao exercicio 2019.

Dispoñible en: https://www.icasantiago.org/wp-content/uploads/2020/06/memoria_2019.pdf



http://abgcia.es/csv Fecha: 05/06/2020 10:54:16
Código Seguro de Verificación: REGTEL-PLDI2-DL6HQ-UZBZC-3KAPC
Páxina: 3 de 3

ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO